

Yolanda Castaño • Xosé Tomás

SEMENTES VIAXEIRAS



edicións embora



Dixéronme unha vez que estaban quietas as plantas,
que ficaban toda a vida no mesmo lugar
mais, estade moi atentos e eu heivos contar
as viaxes tan increíbles que fan algunas cantas.

Buscan estabilidade cando son maduras,
instálanse nun sitio e alí botan raíces.
Sen moitas aventuras conseguén ser felices,
os seus talos e pólás medran tésas e duras.

Pero cando son sementes coa vida por diante
aprenden que, ás veces, as cousas son complicadas
e poden resultar un chisquiño más doidas
baixo o ceo tan azul dunha terra distante.

Por terra, mar e aire as sementiñas viaxeiras
lánzanse na procura de novos horizontes.
Buscan un fogar por entre as fragas e os montes,
búscano avanzando ben dispostas e lixeiras.




Hainas que prefiren as viaxes aéreas;
para marcharen lonxe, elas confían no vento
e así conseguén salvar o seu desprazamento
equipadas de ás e estruturas etéreas.

Así fai a sementiña do alto piñeiro:
sae da súa piña e, logo, guíndase alá!
Din que se chama sámara a súa única á,
pero élle dabondo para un salto lixeiro.

Outras gardan o seu truco mellor nas recámaras:
parece un helicóptero a semente do alerce!
De dúas en dúas, en canto chimpan do berce
semellan unha hélice se xuntan as sámaras.

Pero hai outras que son, se cadra, máis abraiantes
e baixan como planando das pólas ao chan.
Son as que se desprenden do umeiro e logo van
igual ca se fosen ovnis ou pratos voantes.







Alzan o voo collidas de liviáns filamentos
as que saen do álamo, que outros chaman chopo.
Parécenme folerpas de neve cando topo
flotando polo aire todos esos tomentos.

Algo moi semellante fan as da herba do sapo
cunha especie de plumas ás que van adheridas
que ademais teñen a forma dun paracaídas,
non pensedes tampouco que é calquera farrapo!

Como sucando os ceos cun paraugas na man
cobren outras sementiñas unha ampla distancia.
Con que levidade e con cantísima elegancia
se desprazan as da flor que chaman mexacán!








Dende dentro de cápsulas ben protexidas
hai outras que inician por aire a súa viaxe,
elas van madurecendo a salvo da friaxe,
ábrese logo a tapa e saen esparexidas.

Igual que fai o eucalipto, que moito recende,
ou as do bidueiro, que os celtas adoraban.
As súas sementes aladas axiña voaban
e segue a facelo cada unha ata que prende.





Tamén fai a queiruga que as súas sementiñas
voen polo vento cando quedan liberadas,
pois aquelas cápsulas nas que viven pechadas
logo abren en valvas coma se fosen cunchiñas.

Hai outro mecanismo máis espectacular:
a papoula ten un talo recto e moi flexible
cun recipiente furado que lle fai posible,
sacudida polo vento, ata as catapultar.

E pode que nesta increíble listaxe áinda reste
a extraordinaria barrilla que, despois de morta,
xa seca se separa das raíces que porta
e roda ela soa, coma nos filmes do oeste.

Empurrada polo vento xirando e xirando
ao longo de quilómetros, no mesmo deserto,
con gran autonomía –iso si que é ben certo–
as súas sementes vai diseminando.






Hai outras que, en cambio, prefiren non viaxar soas
e procuran cómplices para as súas viaxes.
Sen ter nin sequera que pagar dúas pasaxes,
os animais poden ser compañías moi boas!

Algunhas plantas gramíneas, como a cebada,
con agullas se agarran aos animais, xa sei
que a ti tamén se che poden prender no xersei,
mais é unha boa forma de avanzar enganchada!

Protexe as súas sementes o cardo estrelado
metidas nun cadillo con espiñas ganchudas.
Cando pasan a rentes unhas patas peludas
apaña ese transporte e con el marcha encantado.







Outras, no canto de viaxar a lombos dos bechos,
parece que se sentisen moito más seguras
en vez de por fóra, dentro deles e ás escuras,
igual ca quen é transportado cos ollos pechos.

Confía a boa oliveira no voo do estorniño.
A ese paxaro tan ben lle saben as olivas
que xa anda a devecer polas grandes e as cativas
cada mañá que sae a voar dende o seu niño.

Tamén para moitísimos tipos de paxaro
os froitos do teixo resultan apetitosos.
Chámanlles arilos, son vermellos e carnosos.
Que os leven na barriga a ninguén se lle fai raro!









E mesmo hai bagas negras –hai gustos para todos!–
coma as dunhas árbores chamadas sabugueiros
que algúns ata confeitan, se é que son moi larpeiros,
e que son manxar para os merlos de todos modos.

O mesmiño acontece coa froita da cerdeira:
riquísimas cereixas que os paporrubios comen!
Como hai moitas aves que ben contentas engolen
as bagas do abruño e tamén as da groselleira.

Todos esos bandullos pequenos van cargados
de froitas con pebidas que poden xerminar.
No estómago, as súas cascas rematan de abrandar:
saen dos seus cuños co abono incorporado!





Pero non só aos paxaros lles gusta comer froitas.
Habitan nas árbores uns monos e uns macacos
aos que, mentres as proban, lles caen algúns anacos
e pebidas das que, logo, han xermolar moitas.

E mesmo algúns morcegos nas selvas tropicais
póñense ata arriba de figos e tamarindos,
e aínda que a algunha xente non lles parezan lindos
son coma uns sementadores alados xeniais!

O froito da aciñeira, a sobreira e o carballo
é unha landra atrás da cal anda sempre o esquío.
Baixo terra almacenalas faille moito avío,
mais logo esquece onde e perde todo o traballo.

“...Onde demo metería eu aqueles froitos?”
O rato e o leirón tamén son esquecedizos.
Abandonan os froitos en terreos sombrizos
e, de aí a un tempiño, deses, prenden moitos.


Todos os roedores do bosque e das montañas,
o esquío, o rato mouro e mais o leirón careto,
en lembrar onde soterran teñen un bo reto,
pois acaban por facer o mesmo coas castañas.





Falando dun becho que sementa cando caga,
en Indonesia hai un tipo de café especial
que dixire o luwak, un simpático animal.
Por fedorento que sexa, deixemos que o faga!


Como non deixan as cacas nun lugar profundo,
un día a alguén se lle ocorreu ílas recoller,
cos grans procesados facer algo de beber
e así se inventou o café máis caro do mundo!







Pero hai outros animais que son carretadores
por moito que sexan abondo máis diminutos:
as formigas obreiras que, nuns poucos minutos,
coas sementes das mimosas fan de portadores.

Nos seus niños separan o que lles é alimento
e abandonan o resto, que é xusto o que xermina:
a semente con éxito o proceso termina,
as formigas sen fame, e todo o mundo contento!









Mais deixade que siga o meu relato das viaxes
de todas estas plantas por se multiplicar.

A algunhas parécelles máis lindo navegar,
por mares e océanos fan a súa romaxe.

Tamén as levan os ríos e embárcanse así
nos regatos da choiva ou en pequenas correntes
ata que algunha delas nun relanzo se asente
e, se o terreo é fértil, poda medrar ali.

Así fai, entre outras, a pequena abelá,
pois adoita a abeleira crecer preto dos ríos
e, áinda que eses traxectos sexan un pouco fríos,
poden darlle un fogar novo o día.







No entanto, outros son xa mariñeiros ben expertos,
coma o froito do coco que, vogando e vogando,
pode botar mesmo meses no mar, ata cando
algunha praia o reciba cos brazos abertos.

Ou a do loto, que ten aínda máis paciencia.
Dentro dun receptáculo que seca e aboia
dá ficado durmida como secreta xoa
e agrelado tras séculos; milagre da ciencia!

En África e en Asia vive a exótica entada;
en vaíñas xigantes o seu inzo acoiraza,
seca, cae ao río, nel, cara ao mar se despraza.
Cruzar todo o Atlántico para el non é nada!







Pero áinda hai outro tipo especial de traslado
no que as valentes sementes saen disparadas.
Despois dun estalido van autopropulsadas
dende a súa planta nai ata algún outro lado.

É o toxo unha especie tan enxebre galega
e tanto lle gusta o noso clima un pouco fresco,
que se a calor acosa ese cadro pintoresco
rebenta enfadado e a súa estirpe disgrega.

Ao chícharo acontécelle algo moi parecido,
pois seca de xeito desigual esa legume
e, con esas tensións, racha e colle por costume
deixar o ervello todo por alí esparexido.








Mesmo tamén a xesta que medra polo monte
para reproducirse usa exacto mecanismo.
A calor provócalle un pequeno cataclismo.
Son coma uns foguetes naturais de hoxe e de onte!

Outro froito increíble, capaz de autopropulsarse,
venvos sendo o velenoso cogombro do demo.
Cando madura ínchase de auga a tal extremo
que, ao estourar, a varios metros pode lanzarse.

En canto está listo, o máis mínimo rozamento
fai que rache o cogombro por toda esa presión
da auga contida, e as sementes a cachón
son guindadas a moita distancia nun momento.



Outra planta intratable, —aquí vos vai outro dato—
con que apenas a toques, déixame que o describa:
xa che bota toda a súa proxenie por riba.
Chámanlle a balsamina, ou balsamina do mato.

As sementes do rícino van de tres en tres,
metida cada unha na súa cavidade
nun froito recuberto de espiñas; é verdade
que ao tensar as guinda tan lonxe que nin as ves!





E xa por último están as viaxes no tempo,
tan fabulosas que nos deixa coa boca aberta
ver como unha sementiña durme e non esperta
ata estar afastada de todo contratempo.

Así pode botar décadas como en letargo,
ou ata un século enteiro esperando a presenza
da ideal condición que de veras a convenza
para arraigar nun lugar que non lle sexa amargo.

O millo e a faba poden chegar a facelo,
o chícharo, o trigo, a cebada e tamén a avea
que, de capacidade para prender, vai chea
e, a idea de medrar, acesa coma un anhelo.





Ás veces é só o pequeno traxecto dun paso,
outros, quilómetros nunha longa travesía
axudándose do vento, a auga, a bichería
para que o espallamento non sexa un fracaso.

E que a súa descendencia se diversifique,
que se estenda ao máximo e que perpetúe a especie
para que todo o ecosistema enteiro o aprecie
e a natureza por todas partes repenique.

E elas, as máis noviñas e xa tan valentes,
emprendendo unha aventura lonxe da familia,
apañándose soas no sono e na vixilia,
procurando só unha terra mellor: as sementes.

